

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscripción e publicación do calendario laboral para o ano 2016 do convenio colectivo de industrias de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña

Vista a acta da xuntanza celebrada o día 16.12.2015 pola comisión negociadora do convenio colectivo provincial de industrias de rematantes, serradoiros e almacenistas de madeira da provincia da Coruña (código 15001235011982), na que se aproba o calendario laboral para o ano 2016, de conformidade co disposto no artigo 90.º.2 e 3.º do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

A Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña

RESOLVE:

1.º.–Ordenar a súa inscripción no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 23 de decembro de 2015.

Xefe territorial de Economía, Emprego e Industria

Isidoro Martínez Arca

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE INDUSTRIAS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DE APROBACIÓN CALENDARIO LABORAL 2016

ASISTENTES

Parte empresarial:

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA DE A CORUÑA

- D. Benito García Sánchez
- D. José-Manuel Cajaraville Varela
- D. Manuel Bouzas Collazo
- D. Lino Raña Ferreiro

Parte sindical:

U.G.T.

- D. Jesús-Mari Calvo Romero

CC.OO.

- D. Eduardo-José Brión Dorca

C.I.G.

- D. Eduardo Sebio Molguero

Letrado-asesor: D. Carlos Puga Trigás

En Santiago de Compostela, sendo as dezaioito horas do día dezaséis de decembro de dous mil quince, reúnense os membros da comisión negociadora do convenio colectivo provincial de industrias de rematantes e serradoiros de madeira de A Coruña.

A presente reunión ten por finalidade a aprobación do calendario laboral para o ano 2016 co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 13 do convenio colectivo provincial para os anos 2014-2015.

Unha vez que con carácter previo á presente reunión ambas partes comunicáronse as súas respectivas propostas, despois dun breve debate acádase, por unanimidade, o acordo que segue a continuación.

Apróbase o calendario laboral para o ano 2016, que comprenderá un total de MIL SETECENTAS CINCUENTA E DÚAS (1.752) horas efectivas de traballo.

Tendo en conta que dous días festivos de ámbito nacional ou autonómico coinciden en sábados, para dar cumprimento ao límite das 1.752 horas efectivas de traballo é preciso fixar no calendario para o ano 2016 un total de SEIS DÍAS FESTIVOS DE CONVENIO, días que serán os seguintes:

- 9 de febreiro (Martes de Carnaval)
- 16 de maio
- 31 de outubro
- 5 de decembro
- 7 de decembro
- 9 de decembro

O calendario para o ano 2016 figura detallado no cadro anexo á presente acta.

Se en algún concello foxen sinaladas como festividades locais días que teñan o carácter de festivo-convenio ou sábado, establécese a súa substitución como día festivo polo día laborable inmediatamente anterior ou, no seu caso, posterior.

Establécese de forma expresa que o calendario laboral aprobado será de aplicación nas empresas que non teñan aprobado calendario propio. En todo caso, o devandito calendario ten o carácter de orientador para as empresas, de tal xeito que o mesmo poderá ser modificado tendo en conta as demandas específicas de produción existentes en cada momento. Non obstante, de ser este o caso, o día ou días traballados que se correspondan con días festivos de convenio haberán de ser substituídos por outro día ou días equivalentes en cómputo horario. Con carácter xeral a empresa fará pública a modificación proxectada polo menos con cinco días de antelación á data de aplicación do cambio previsto, sen prexuízo de que tal período de preaviso sexa menor sempre e cando medie acordo entre empresa e traballadores.

Ambas partes deciden que este acordo entrará en vigor na data da súa firma con efectos a partir do día 1 de xaneiro do 2016, todo elo con independencia da data da súa publicación oficial.

Acórdase facultar e autorizar expresamente ao letrado-asesor don Carlos Puga Trigás quen, presente, acepta a designación, para que proceda a completar tódolos trámites necesarios aos efectos de que polos órganos administrativos competentes se ordene a inscrición e o depósito do citado acordo no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

E sen mais asuntos dos que tratar, levántase a sesión sendo as dezanove horas da data enriba sinalada, asinando en conformidade a totalidade dos asistentes.

CALENDARIO LABORAL DO CONVENIO DE REMATANTES E SERRADROIS DE MADEIRA DA PROVINCIA DE A CORUÑA PARA O ANO 2016

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
				F.N	2	3	1	2	3	4	5	6	7		1	2	3	4	5	6
4	5	F.N	7	8	9	10	8	FC-8	10	11	12	13	14	7	8	9	10	11	12	13
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	14	15	16	17	18	19	20
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	21	22	23	F.N	F.N	26	27
25	26	27	28	29	30	31	29							28	29	30	31			
HORAS DE TRABALLO						152	HORAS DE TRABALLO						160	HORAS DE TRABALLO						168
DIAS DE TRABALLO						19	DIAS DE TRABALLO						20	DIAS DE TRABALLO						21
ABRIL							MAIO							XUÑO						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3							1			1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19
28	19	20	21	22	23	24	FC-8	F.A	18	19	20	21	22	20	21	22	23	F.A	25	26
25	26	27	28	29	30		23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30			
							30	31												
HORAS DE TRABALLO						168	HORAS DE TRABALLO						160	HORAS DE TRABALLO						168
DIAS DE TRABALLO						21	DIAS DE TRABALLO						20	DIAS DE TRABALLO						21
XULLO							AGOSTO							SETEMBRO						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
11	12	13	14	15	16	17	F.N	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
F.A	26	27	28	29	30	31	29	30	31					26	27	28	29	30		
HORAS DE TRABALLO						160	HORAS DE TRABALLO						176	HORAS DE TRABALLO						176
DIAS DE TRABALLO						20	DIAS DE TRABALLO						22	DIAS DE TRABALLO						22
OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D
					1	2		F.N	2	3	4	5	6				1	2	3	4
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	FC-8	F.N	FC-8	F.N	FC-8	10	11
10	11	F.N	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30					26	27	28	29	30	31	
FC-8																				
HORAS DE TRABALLO						152	HORAS DE TRABALLO						168	HORAS DE TRABALLO						136
DIAS DE TRABALLO						19	DIAS DE TRABALLO						21	DIAS DE TRABALLO						17
HORAS DE TRABALLO AO ANO														1.944	Horas					
2 FESTIVOS LOCAIS														16	Horas					
VACACIONS														176	Horas					
XORNADA ANUAL														1.752	Horas					
XORNADA ANUAL CONVENIO 2016														1.752	Horas					